

GALERÍA MULLERES

maio 2018



Na Biblioteca da Muller do Concello de Muxía podes atopar :

Moreno, M Victoria. *Anagnórise . Diario da luz e a sombra Mar adiante*
Moreno, M Victoria/ Jaraba, Fran. *Leonardo e os fontaneiros*
Moreno, M Victoria e outros. *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*
Moreno, M Victoria/ Uhía, Manolo. *Eu conto, ti cantas*
Moreno, M Victoria/ Asensi, Xaime. *A brétema*

María Victoria Moreno DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

valencia de Alcántara (provincia de Cáceres), 1939 - Pontevedra 2005. MESTRA E ESCRITORA

Nos anos 60 chega a Galiza e desde o comezo, identificouse coa nosa cultura. Tamén participou activamente na vida cultural e política de Pontevedra e do país colaborando en conferencias, cursos e encontros literarios. Ademais de novelas e contos, escribiu obras de ensaio, colaborou na redacción de libros de texto e dirixiu a colección "Árbore" da editorial Galaxia.

Como profesora, procuraba un método de ensino no que prevalecese o gozo que supón a aprendizaxe. Frente ás prohibicións, a censura e o medo, María Victoria ofrecía liberdade e xogos.

Era encantadora de palabras, amante dos libros e defensora da literatura infantil e xuvenil. Sentía, como os rapaces, a incomprensión dos adultos e o desacougo de andar perdida no mundo. De nena escapaba da triste realidade da posguerra coa fabulación de historias e de adulta fixose escritora. A súa obra *Anagnórise*(1989) é unha das obras con máis éxito da literatura xuvenil galega. María Victoria era xenerosa e decidida, valorosa ante a vida, o amor e a morte. Malia ter pasado por momentos moi duros, apostaba pola esperanza. Gustáballe pasear amodo, cociñar, a música, os cans e as flores. Amaba "a beleza da paisaxe, da vida, das persoas e das palabras".

Destacamos o seu compromiso coa lingua e a cultura galegas.

(texto recollido de culturagalega.org)



**BIBLIOTECA
DA
MULLER**



CONCELLO DE MUXÍA